



## FICHA RESUME

PE 403A 2008/42-5

<b>Ano</b>	2009
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	AUTORIZACIÓNS
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R. decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa rubia ( <i>V.rhomboides</i> ), ameixa bicuda ( <i>V.aurea</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), carneiro ( <i>V.verrucosa</i> ) e reloxo ( <i>D.exoleta</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	Zonas de autorización da confraría da Illa de Arousa
<b>Subzonas de explotación</b>	

## Participantes no plan de explotación

<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	365	Máximo 3 por embarcación
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

## Calendario de explotación

<b>Días máximos de extracción</b>	96										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : xaneiro, de abril a setembro e decembro.											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : dende embarcación											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X			X	X	X	X	X	X			X

<b>Especies</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Tripulante/día</b>
Ameixa fina	9 kg	3 kg
Ameixa babosa	24 kg	8 kg
Ameixa rubia	12 kg	4 kg
Ameixa bicuda	6 kg	2 kg
Ameixa xaponesa	9 kg	3 kg
Berberecho	45 kg	15 kg
Carneiro	6 kg	2 kg
Reloxo	60 kg	20 kg

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo

<b>Artes a empregar</b>	Raño e rastro con separación entre varillas de 17 mm.
<b>Puntos de control</b>	Areoso, Arnela, Con Cerrado, Bao e lonxa da Illa de Arousa.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa da Illa de Arousa, pola OPP-20



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epoas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>					X	X						
Zonas: As Aceñas, de Sapeiras a Riasón												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas: ámbito do plan												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas: ámbito do plan												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas: ámbito do plan												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas: ámbito do plan												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												
Control de depredadores mediante nasas												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

Con respecto á relación de **participantes**, o plan indica que hai 374 embarcacións; sen embargo segundo os datos da delegación territorial habería 365 embarcacións coa arte de marisqueo asociadas á confraría de A Illa. Con respecto ao listado presentado, obsérvanse as seguintes situacións:

- As seguintes embarcacións figuran retiradas da actividade pesqueira no Censo da Flota Pesqueira Operativa:
- As seguintes embarcación non teñen permiso de explotación en vigor:
- A embarcación e figura asociada a confraría de Vilanova e a embarcación e ten a arte de libre marisqueo na súa autorización provisional (de 06.03.2008 a 06.03.2009).
- As seguintes embarcacións teñan a arte de marisqueo no permiso de explotación e de acordo cos datos da delegación territorial, estarían asociados á confraría de A Illa:



En relación á **proposta de ampliación** de participantes no plan de explotación non se acepta mentres non cambie a normativa vixente, xa que de acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Orde de 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, *dato o esforzo pesqueiro existente na actualidade sobre as diversas especies de moluscos bivalvos, non se poderán incrementar, ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, cos que habitualmente se ven exercendo o marisqueo dende embarcación.* En data 3.11.2008 só hai 1 embarcación asociada a OPP20 coa arte de libre marisqueo á que lle puidera conceder o marisqueo Z3 ( ), o resto as embarcacións que perderon a arte de marisqueo procedentes doutra rías estarían condicionadas pola disposición transitoria mencionada, e non se lles podería outorgar a arte.

En relación coas **condicións de acceso ao plan de explotación** (apartado 5.1.7):

O modelo de coxestión establecido para a explotación dos recursos marisqueiros en Galicia, baséase na proposta de plan de explotación que presentan as entidades e na que se plantexan as medidas aprobadas polo sector para a explotación dos bancos, sen embargo no caso que nos ocupa descoñecemos:

a) Os motivos que levan á entidade a propoñer as medidas de acceso ao plan, as cales non están contempladas na normativa de explotación dos recursos mariños, así como o que pretenden acadar con elas. Para poder valorar a condición establecida no punto 2 (cota extraordinaria da xunta xeral da confraría) a delegación territorial en data 3.11.2008, solicitou á confraría que aclarase as necesidades que a xustificaban ditas cotas e o que pretendían acadar con elas, xa que non figuraba explicado no plan de explotación. Sen embargo, no momento da elaboración desta ficha aínda non se obtivo resposta.

b) O procedemento de aplicación de ditas medidas.

c) Se o colectivo de marisqueo a flote apoia a proposta, é dicir, si esta foi sometida á asemblea de mariscadores ou se estes coñecen o seu contido.

Considerando que as condicións do apartado 5.1.7 non son medidas de xestión da explotación dos recursos marisqueiros, non están contempladas na normativa vixente en materia marisqueira e descoñecemos a súa xustificación, procedemento de aplicación e apoio por parte do colectivo de mariscadores a flote, só podemos:

Recomendar que as condicións establecidas nos punto 1 (ter abonado a cota de socio), 2 (cotas extraordinarias) e 3 (traballos de semicultivo) se canalicen a través da vía establecida nos estatutos da entidade cando os socios incumpren os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno da organización. A condición establecida no punto 2 (acordo de cota extraordinaria pola xunta xeral) poderá ser recorrida polas persoas afectadas, polo que lémbrese que o procedemento e xustificación da imposición de cotas extraordinarias está establecido no artigo 49º do Decreto 261/2002, do 30 de xullo

Calquera privación do dereito de exercer-la actividade marisqueira por parte dunha confraría que non supoña a expulsión como socio (previo expediente disciplinario incoado ao efecto) e que dé lugar á exclusión dun plan de explotación no que o mariscador e/ou embarcación estaba integrado, non está contemplada na normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación. Cuestión distinta sería se a persoa fose expulsada como socio



da entidade que é titular da autorización, e en consecuencia non fose incluída no plan de explotación. En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial.

No caso de que o acordo da xunta xeral de cotas extraordinarias fose recorrido polas persoas afectadas ante o órgano competente, ou ben recorresen as sancións impostas no tema que nos ocupa ante a xurisdición ordinaria, co cal o acordo ou sanción poderían ser anulados, recomendamoslles que as persoas afectadas sexan incluídas no plan de explotación ata que recaía resolución definitiva. O obxecto desta medida sería respectar os dereitos da persoa ao traballo e/ou á asociación, que poderían verse afectados no caso de que a sanción fose finalmente anulada.

**Topes de captura:** Redúcese no caso da ameixa rubia a 4 kg/mariscador/día, dada a escaseza desta especie no ámbito do plan en zonas de autorización, que se aprecia tanto nos resultados das mostraxes como nos rexistros de capturas.

Lémbrese que a modificación dos topes de captura, no marco dos máximos aprobados para o plan de explotación, é competencia da delegación territorial.

A valoración das accións de rexeneración require da definición das zonas, actuacións, metodoloxía e calendario.

Os traballos de semicultivo polas embarcacións do plan non poderá realizarse en sábados e domingos, dado que debe respectarse o descanso semanal establecido no Decreto 419/1993, de 17 de decembro.

O control de depredadores mediante o emprego de nasas deberá ser autorizado pola delegación territorial. O emprego de nasas para labores de semicultivo respetará o horario establecido no artigo 60º.2 do decreto 424/1993, ademais serán balizadas mediante boias que indicarán de forma visible a entidade á que pertencen e o tipo de acción que están a realizar (control de depredadores). As capturas incidentais de especies distintas aos depredadores serán devoltas ao mar inmediatamente despois de ser capturados.

Cando se pretenda realizar a inmersión de semente de moluscos bivalvos deberán solicitar á delegación territorial o correspondente permiso de inmersión.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e dos puntos de control.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior

Recomendacións realizadas, de acordo cos informes técnicos, para a mellora do plan:

- Presentar o plan financeiro.
- Aprobación do plan de explotación en asemblea do colectivo de marisqueo a flote.
- Detallar a organización dos puntos de control e dos traballos de semicultivo.
- Detallar o plan financeiro.



- 
- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...
- (2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
- (3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
- (4): Indicar en negrita o que corresponda
- (5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...
- (6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,...
- (7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
- (8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
- (9): Este apartado corresponderalle cubri-lo á administración
-